

Á vista destas, a Inspección Xeral de Servicios elaborará o informe definitivo, que será elevado ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública, o cal o trasladará ó conselleiro correspondente e, se é o caso, ó Consello da Xunta de Galicia, para os efectos que diso se deriven.

Unha vez remitido o informe definitivo á consellería correspondente, o centro directivo interesado deberá elabora-lo plan de acción para a posta en práctica das recomendacións, no que se expresen as accións que se van levar a cabo, os recursos necesarios e o calendario previsto para a súa realización.

A Inspección Xeral de Servicios efectuará o seguimento e avaliación do citado plan de acción.

Artigo 7º

Anualmente, a Inspección Xeral de Servicios elaborará unha memoria das actividades desenvolvidas no marco das súas funcións indicando as melloras na eficacia e a eficiencia derivadas delas.

Artigo 8º

A Inspección Xeral de Servicios actuará con total independencia respecto ó persoal do que se comprobe a xestión.

Artigo 9º

Dependerán da Inspección Xeral de Servicios catro inspectores de servicios, que terán nivel orgánico de subdirector xeral.

Os inspectores de servicios terán competencia en todo a ámbito da Comunidade Autónoma.

Para o exercicio das súas funcións, os inspectores xerais de servicios contarán con subinspectores, con nivel orgánico de xefe de servicio, con número igual ó daqueles.

Para poder ser nomeado inspector de servicios ou subinspector será necesario ter prestado servicios polo menos por un período de tres anos na Administración pública, en corpos do grupo A ou B, segundo proceda, así como cumpri-los requisitos que para cada caso se sinalan nas relacións de postos de traballo.

Artigo 10º

Para o cumprimento das súas funcións, a Inspección Xeral de Servicios contará, ademais, coas seguintes unidades:

—Subdirección Xeral de Racionalización Administrativa.

—Centro de Información Administrativa e Atención ó Cidadán, con categoría de subdirección xeral.

Artigo 11º

Á Subdirección Xeral de Racionalización Administrativa correspóndelle as funcións enumeradas no apartado 2 do artigo 3º do presente decreto, así como todas aquelas relacionadas coa modernización da Administración da Comunidade Autónoma que sexan competencia da Inspección Xeral de Servicios.

Esta subdirección contará cun servicio que desenvolverá as competencias propias dela.

Artigo 12º

Ó Centro de Información Administrativa e Atención ó Cidadán correspóndenlle as funcións enumeradas no apartado 3 do artigo 3º do presente decreto.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados os artigos 6.4.4, 7.1.3, 18, 19 e 20 do Decreto 286/1990, do 27 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica dos servicios centrais da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—A estrutura orgánica que se fixa no presente decreto non supón un aumento do gasto.

Segunda.—Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Terceira.—Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de maio de mil novecientos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do segundo ciclo da educación infantil e se dictan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles centros onde se imparte o devandito ciclo.

No curso 1991/92 iniciouse na Comunidade Autónoma a implantación gradual do segundo ciclo de educación infantil, en desenvolvemento do establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e no artigo 4º do Real decreto 986/1991, do 1 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

Establecido o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma polo Decreto 426/1991, do 12 de decembro (DOG do 14 de xaneiro de 1992) e fixados os requisitos mínimos a que deberán axustarse os cen-

tros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias polo Real decreto 1.004/1991, do 14 de xuño, faise necesario establece-lo procedemento que deberán seguir-los centros para a implantación do segundo ciclo de educación infantil, así como dicta-las pertinentes instrucións en materia de organización escolar e avaliación de cara a contribuír a orientar e guía-la práctica curricular do profesorado.

En consecuencia,

DISPOÑO

IMPLANTACIÓN

1º —Os centros públicos que iniciaron a implantación do segundo ciclo de educación infantil no curso 1991/92 considéranse autorizados para imparti-las devanditas ensinanzas.

2º —Os centros públicos que non iniciaron a citada implantación no curso 1991/92 implantarán o segundo ciclo de educación infantil nos cursos 1992/93, 1993/94 ou 1994/95.

3º —Co fin de facilita-la devandita implantación no período fixado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas necesarias para a progresiva mellora das condicións materiais dos centros que acollan nenos e nenas de tres anos. Igualmente, daralle prioridade á dotación de material didáctico específico ós centros que escolaricen alumnos de tres anos e programará actividades de formación para a totalidade do profesorado do segundo ciclo de educación infantil, dando prioridade ó profesorado que escolarice nas súas unidades alumnos e alumnas de 3 anos.

4º —A autorización para que os centros públicos e os centros privados implanten o segundo ciclo de educación infantil farase por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso dos centros públicos concederase a autorización por proposta das correspondentes delegacións provinciais.

5º 1.—Os centros privados de educación preescolar que contén con autorización ou clasificación definitiva, poderán implanta-lo segundo ciclo de educación infantil nos cursos 1992/93 e 1993/94, logo de solicitude á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria antes do 28 de febreiro anterior ó comezo do curso.

2.—A solicitude, formulada polo titular do centro, deberá reflecti-los seguintes datos:

a) Número de unidades escolares nas que se impartirá o segundo ciclo de educación infantil, sen superar, en ningún caso, o número de unidades autorizadas.

b) Número de nenos e nenas, por idades, en cada unidade, sen supera-la ratio establecida no punto 9º da presente orde.

c) Relación nominal dos profesores que impartirán as devanditas ensinanzas, con indicación da súa titulación, que se deberá axustar ó establecido no artigo 16

e, se é o caso, nas disposicións transitorias oitava e novena do Real decreto 1.004/1991, do 14 de xuño, ou, no seu defecto, compromiso de envia-la devandita relación, unha vez efectuada a contratación, previa en todo caso á posta en funcionamento.

3.—A Delegación Provincial elevará as solicitudes, acompañadas do seu informe, á Dirección Xeral de Educación Básica, que propondrá ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a resolución que proceda.

6º —Os centros privados de educación preescolar, con autorización ou clasificación definitiva, que non o fixesen nos cursos anteriores, implantarán en todo caso o segundo ciclo de educación infantil ó inicio do curso académico 1994/95 sen supera-lo número de unidades autorizadas para educación preescolar, a ratio máxima que se establece, e axustándose ós requisitos de titulación sinaladas no apartado 2 c) do punto 5º da presente orde.

7º 1.—Os centros autorizados para impartir educación preescolar que non teñan autorización ou clasificación definitiva, e os centros que atendan nenos e nenas menores de seis anos, con base na correspondente autorización ou licenza, pero sen estaren autorizados como centros de educación preescolar, poderán solicita-la autorización para implanta-lo segundo ciclo de educación infantil sempre que cumpran os requisitos mínimos fixados para o efecto no Real decreto 1.004/1991, do 14 de xuño.

2.—Os centros sinalados no apartado anterior que, no período de 10 anos desde a entrada en vigor da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, non se axustasen ós requisitos mínimos sinalados no Real decreto 1.004/1991 para os centros de educación infantil perderán a condición de centros autorizados.

8º —A implantación do segundo ciclo de educación infantil nos centros públicos dependentes doutras administracións distintas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, farase no prazo e segundo o procedemento establecido respectivamente nos puntos 2º e 5º da presente orde.

ORGANIZACIÓN ESCOLAR

9º —A ratio para o segundo ciclo de educación infantil queda establecida nun máximo de vintecinco nenos e nenas por profesor/a. No caso de que un mesmo profesor teña acumulados varios niveis en un só grupo, de acordo co establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 1.004/1991, do 14 de xuño, e que escolarice nenos de 3 anos, o número non excederá de vinte. Os centros deberán axustarse ás devanditas ratios máximas no curso 1992/93 nos grupos de 3 e 4 anos e no curso seguinte nos grupos de 5 anos, independentemente de que estean autorizados ou non para implanta-lo segundo ciclo de educación infantil.

No caso de escolarización de nenos de 3 anos xuntamente cos doutros niveis, non se poderá supera-la ratio máxima de vinte a partir do curso 1992/93.

10º —Cada centro fará un estudio sociolingüístico sobre o contexto social onde estea o colexio e no que se constate a lingua materna dos alumnos. A partir deste estudio buscará a estratexia didáctica máis axeitada, enmarcándoa nas grandes liñas definidas polo traballo dos equipos e polos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta. En todo caso, darase cumprimento ó preceptuado no Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística.

A opción lingüística e as estratexias didácticas elixidas serán recollidas no proxecto educativo do centro.

1.—Os pais serán informados das vantaxes de conseguir un bilingüismo equilibrado e enriquecedor, coa finalidade de que participen na toma de decisións.

2.—Cada ano o equipo docente deberá revisa-lo estudio sociolingüístico do centro ó incorporar novos alumnos.

11º —Os profesores titores de nenos e nenas deste segundo ciclo constituiranse en equipo docente do devandito ciclo, e deberán, así mesmo, elabora-lo proxecto curricular a partir do currículo establecido polo Decreto 426/1991, do 12 de decembro (DOG do 14 de xaneiro de 1992).

12º —O proxecto curricular de ciclo será elaborado ó longo do primeiro curso da implantación do segundo ciclo de educación infantil baixo a coordinación do coordinador do equipo docente do ciclo.

13º —Para a elaboración do proxecto curricular de ciclo os equipos docentes deberán:

a) Defini-los obxectivos xerais do ciclo a partir dos obxectivos xerais de etapa reflectivos no deseño curricular base.

b) Selecciona-lo conxunto de contidos que se desenvolverán a partir dos bloques de contidos recollidos no deseño curricular base.

c) Establece-la secuencia e organización dos obxectivos e contidos para este segundo ciclo.

d) Defini-los criterios e estratexias de avaliación en relación ós obxectivos.

e) Respecta-los principios de intervención educativa reflexados no deseño curricular base á hora de optar por unha ou outra metodoloxía.

f) Defini-los criterios de organización espacia - temporal en favor das mellores condicións para o proceso de ensinanza - aprendizaxe, dándolles prioridade sempre ós aspectos pedagóxicos.

14º —Para a determinación de tódolos aspectos sinalados no punto anterior, o equipo docente deberá ter en conta:

a) As características do centro.

b) As características socioculturais das familias.

c) As posibilidades que ofrece o contorno.

d) As condicións de flexibilidade de grupos e a organización de actividades internivelares conxuntas.

e) A posible colaboración de persoas alleas á escola.

f) As posibles actividades de autoformación.

g) As condicións, preferencias e disposicións dos compoñentes do equipo.

15º 1.—Cada profesor elaborará a programación para o seu grupo - clase. Nestas programacións deberán explicitarse:

a) Os obxectivos de nivel.

b) A selección e secuenciación de contidos.

c) A organización das actividades, que abranguerá:

* Os criterios metodolóxicos.

* A definición dos espazos onde se desenvolverán.

* A temporalización.

* O agrupamento dos nenos e nenas.

* Os criterios de avaliación.

2.—Para a selección e secuenciación de contidos o profesorado deberá considerar:

a) O proxecto curricular.

b) As características do neno e do grupo.

c) O potencial motivador e xerador de actividades dos contidos así como a súa significatividade en relación cos intereses e coa zona próxima de desenvolvemento de cada pequeno e pequena.

d) As posibilidades de extrapolación dos contidos e a realidade cotiá do neno.

e) Os recursos materiais e espaciais.

f) A interrelación das actividades, cara á súa integración en estratexias de resolución de problemas e cara ó desenvolvemento activo das capacidades e dos coñecementos.

3.—Nas programacións integraranse obxectivos e contidos das tres áreas ou ámbitos de experiencia nas que se estrutura o currículo da educación infantil e terán un carácter globalizado.

16º —Os equipos psicopedagóxicos asesorarán ó profesorado no proceso de deseño das adaptacións curriculares para aqueles nenos ou nenas con necesidades educativas especiais, así como en todos aqueles aspectos que afecten á organización, planificación, programación, etc., establecendo sempre os seus apoios en relación co proxecto educativo de centro.

17º —O equipo docente establecerá os recursos e estratexias de coordinación coas familias e serán reflectidas no proxecto curricular. Neste proxecto, cando menos, haberá que explicita-lo contido e calendario das reunións e entrevistas que o profesorado celebrará cos pais e/ou nais das nenas e dos nenos.

18º —A incorporación de novos escolares ó centro requirirá a planificación do período de adaptación por parte do equipo docente do ciclo. Este período será tratado a través dun plan de acción ó que non serán alleos as nais e os pais e que terá en conta as características especiais da comunidade escolar e os medios dispoñibles do centro.

O profesorado deberá ter previsto ó inicio do curso unha organización especial, que fará referencia cando menos ós seguintes aspectos:

- a) Colaboración e participación das familias.
- b) Flexibilización do calendario e horario para os novos escolares.
- c) Actividades encamiñadas a unha mellor adaptación.
- d) Agrupación flexible do alumnado.

19º —Os centros establecerán as oportunas medidas organizativas e de coordinación entre os membros do equipo docente.

20º 1.—Naqueles centros onde un profesor ou profesora teña acumulados varios niveis educativos de un só grupo, como é o caso das escolas rurais, o proxecto curricular integrará tódolos niveis existentes segundo os parámetros que se establecen para a súa elaboración nos puntos 12º, 13º e 14 da presente orde.

2.—No caso de estar nun mesmo grupo nenos e nenas de educación infantil e primaria, o proxecto curricular tomará como referencia os correspondentes deseños curriculares base de educación infantil e de educación primaria.

3.—Así mesmo, as programacións serán elaboradas tendo en conta o punto 15º da presente orde.

4.—No caso destes grupos heteroxéneos, o profesorado considerará de maneira moi especial o deseño de actividades internivelares como recurso de gran valor na aprendizaxe e na adquisición de hábitos e comportamentos de cooperación e solidariedade.

21º —A distribución do tempo dentro da aula estará en función das decisións tomadas no proxecto curricular de ciclo así como nas programacións. En calquera caso o horario será flexible e non contemplará a distribución por áreas, dado o carácter globalizado do modelo curricular para esta etapa.

AVALIACIÓN

22º 1.—O profesorado de Educación Infantil avaliará:

- a) As intervencións das persoas implicadas no proceso educativo dos escolares.
- b) A optimización das condicións organizativas e dos recursos dispoñibles.
- c) O desenvolvemento das capacidades dos nenos e das nenas.

d) A adecuación das programacións a estes e ás súas características individuais, ó fío dos obxectivos xerais de etapa.

2.—A avaliación será global, continua e formativa. Para avaliar as capacidades das nenas e dos nenos o profesorado recorrerá fundamentalmente á observación activa, directa e sistemática. Os centros disporán dunha ficha individual de observación e rexistro de cada escolar, na que irán anotando os principais avances que se van producindo no seu desenvolvemento.

3.—A elaboración da ficha individual de observación deberá responder ós criterios de avaliación e estratexias reflectivas no proxecto curricular e estará en función dos obxectivos xerais e de área.

4.—Os datos recollidos na ficha de observación terán a finalidade de orientar o proceso educativo, posibilitando as adecuacións sucesivas ás necesidades dos nenos e nenas do grupo.

5.—As fichas serán de uso exclusivo do profesorado, se ben os datos recollidos utilizaranse para informar á familia sobre a evolución do seu fillo ou da súa filla.

6.—Ó finaliza-la etapa, o profesorado de educación infantil facilitará ó profesorado do primeiro ciclo de educación primaria un informe sobre a evolución de cada neno ou nena.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O prazo de solicitude de implantación do segundo ciclo de educación infantil previsto no apartado 1 do punto 5º será no caso do curso 1992/93 ata o día 30 de maio.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 1992.

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 6 de maio de 1992 pola que se establece o calendario de axuste dos centros educativos de niveis non universitarios ás ratios fixadas na Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.

O Real decreto 986/1992, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establece no artigo 17, apartados 1 e 2, a ratio máxima alumnos/aula para os centros sostidos con fondos públicos a partir do ano académico 1992/93.

No apartado 3 do devandito artigo sinala que as administracións educativas poderán adaptar os prazos citados, en función da súa propia planificación e dentro do ámbito temporal de dez anos establecido pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.